

CIRCULAR 6_ 21-09-2020 Instrucións comezo de curso de ESO

Prezadas familias:

Sentimos non ter dadas informacións precisas con respecto ao comezo de curso na etapa de Secundaria debido á demora das instrucións da Consellería, ás sucesivas modificacións nas últimas semanas e á falta de resposta á nosa demanda.

Atendendo á *Orde do 16 de setembro de 2020 pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso 2020/21 e pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 (DOG do 17 de setembro)*, o comezo de curso farase nas seguintes data:

▪ **23 de setembro, 1º e 2º de ESO**

- **1º ESO:** entrará ás 10.20h. pola portería do 3º (Peña Trevinca, 2) e sairá ás 12.30h. polo portón verde.
- **2º ESO:** entrará ás 11.40h. pola portería do 2º piso (Igrexa) para baixar ao Salón de Actos e sairá ás 13.30h. pola portería do 2º piso (Igrexa)

▪ **24 de setembro, 3º ESO**

- Entrará ás 11.40h. pola portería do 2º piso (Igrexa) para baixar ao Salón de Actos e sairá ás 13.30h. pola portería do 2º piso (Igrexa)

▪ **25 de setembro, 4º ESO**

- Entrará ás 11.40h. pola portería do 2º piso (Igrexa) para baixar ao Salón de Actos e sairá ás 13.30h. pola portería do 2º piso (Igrexa).

No día da presentación, o alumnado terá a *acolida* por parte dos titores/as e a daráselle a información sobre as medidas de prevención e hixiene, recollidas no Protocolo.

Finalmente comunicámoslles que, nos cursos nos que non se pode manter a distancia de seguridade de 1,5 metros pero sí se supera a de 1 metro, o Colexio optou pola instalación de mamparas debido a que, a día de hoxe, non temos



asegurado o orzamento para incrementar o profesorado preciso para desdobrar as aulas, solicitado á Administración o 3 de setembro, e de novo o 17 de setembro. Unha vez máis, queremos transmitirilles que, todo o persoal do Colexio, estamos a traballar intensamente para que o comezo se faga coa maior seguridade posible e tendo presente sempre ao noso alumnado.

Un afectuoso saúdo,

Ourense a 21 de setembro de 2020

Asdo.: Yolanda Álvarez Álvarez